

**CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A AXENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, M.P. (CSIC) PARA INSTRUMENTAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN POR PARTE DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN AO PERSOAL INVESTIGADOR PRINCIPAL GAÑADOR DUNHA AXUDA DO PROGRAMA DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC) NO MARCO DO PROGRAMA HORIZON EUROPE**

En Santiago de Compostela e Madrid, a 9 de decembro de 2025

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado para este cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril de 2024 actuando no exercicio das facultades que ten atribuídas polo artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia; e polo decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e presidente da Axencia Galega de Innovación, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

E doutra, D. Carlos Closa Montero, en nome e representación, na súa calidade de vicepresidente de Organización e Relacións Institucionais da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), que intervén en virtude do seu nomeamento efectuado mediante Acordo do Consello Reitor do CSIC, na súa reunión do 30 de novembro de 2022 (BOE 23 de decembro de 2022- Resolución da Presidencia do CSIC do 14 de decembro de 2022, pola que se resolve convocatoria de libre designación). Ademais actúa en nome e representación deste organismo público de investigación en virtude do exercicio das facultades que, en materia de convenios, ten delegadas por Resolución da Presidencia do CSIC (apartado 11.1), do 5 de decembro de 2023 (BOE do 18 de decembro de 2023).

As partes, na representación que ostentan e coas facultades que os seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que, para convir en nome das entidades que

representan, teñen conferidas, recoñécense capacidade xurídica e competencias suficientes para a subscrición do presente convenio e, ao efecto,

## EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Esta axencia atópase adscrita á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, tal como se recolle no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúenlle á mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

SEGUNDO.- O CSIC é a maior institución pública dedicada á investigación en España e a terceira de Europa. De conformidade co artigo 47 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación ("Lei da Ciencia"), é un Organismo Público de Investigación (OPI) da Administración Xeral do Estado adscrito ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades a través da Secretaría Xeral de Investigación. O seu obxectivo fundamental é desenvolver e promover a investigación en beneficio do progreso científico e tecnolóxico, para o que está aberto á colaboración con entidades españolas e estranxeiras.

O CSIC está constituído como axencia estatal e, na devandita condición, réxese polo establecido nos artigos 108 bis a 108 sexies (introducidos pola Lei de orzamentos xerais do Estado para 2021) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e polas disposicións do seu Estatuto, aprobado polo Real decreto 1730/2007, de 21 de decembro.

Segundo o artigo 4 do seu Estatuto, ten como misión o fomento, coordinación, desenvolvemento e difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter pluridisciplinar, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación do persoal e ao asesoramento de entidades públicas e privadas nesta materia.

TERCEIRO.- Os programas de financiamento xestionados polo Consello Europeo de Investigación (en diante ERC do seu nome en inglés, European Research Council) apoian ao mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación dos 27 estados membros da Unión Europea ou os seus países asociados. A tal fin os ERC contan, entre outras, cos seguintes tipos de axudas:

- ERC Starting Grants (StG): apoio ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras finalizar o seu doutoramento, na creación do seu propio equipo de investigación independente .
- ERC Consolidator Grants (CoG): apoio ao persoal investigador, con entre sete e doce anos de experiencia tras finalizar o seu doutorado, que estean consolidando o seu propio equipo de investigación independente.
- ERC Advanced Grant (AdG): apoio ao persoal investigador excelente con polo menos diez anos de experiencia e que lideren proxectos excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación.
- ERC Synergy Grant (SyG): apoio a equipos de entre dous e catro investigadores principais que presenten capacidades complementarias na resolución de grandes retos científicos, imposibles de abordar a través de proxectos de liderazgo individual.

Na actualidade, en Galicia, as universidades públicas e o CSIC son os principais organismos de investigación que contan con investigadores que obtiveron algunha das axudas do ERC.

CUARTO.- A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación e da Secretaría Xeral de Universidades, está a desenvolver o Programa Oportunius. Este programa é unha oportunidade para xerar, reter, atraer e retornar talento investigador de excelencia. O obxectivo do programa é poñer ao dispor do persoal investigador un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

O Programa Oportunius contempla tres liñas fundamentais de actuación:

- a) Atracción da excelencia: xeración, retención, atracción e retorno do persoal investigador excelente (gañadores dunha axuda do ERC) mediante:
  - a.1) A contratación por parte da Axencia Galega de Innovación do persoal investigador beneficiario dunha axuda do ERC.
  - a.2) A dotación de recursos complementarios aos beneficiarios de axudas dos programas do ERC para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.
- b) Apoio á excelencia: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que superase a primeira fase no proceso de avaliación das axudas do programa do ERC e que non recibise financiamento. Dotarase ao devandito persoal investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto para a participación en convocatorias futuras do ERC.
- c) Fomento da excelencia: estimulando a participación nos programas do ERC daquelas persoas investigadoras que mostren un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co consecuente efecto tractor de fondos europeos que podería supoñer para Galicia. Ofrecerase ás mesmas formación e asesoramento para a preparación de propostas ao

ERC co obxectivo de incrementar as posibilidades de obtención dunha axuda desta natureza.

QUINTO.- En execución da actuación a.2) do Programa Oportunius, antes citada, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a través da Secretaría Xeral de Universidades, desde o ano 2014 vén apoiando ao persoal investigador beneficiario dunha axuda do ERC contribuíndo con achegas económicas para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.

A Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades en execución da actuación a) Atracción da excelencia: xeración, retención, atracción e retorno do persoal investigador excelente (gañadores dunha axuda do ERC), obxecto deste convenio, queren recoñecer o labor do persoal investigador que, cumprindo coas condicións do programa, desenvolve a súa actividade no ámbito do Sistema Universitario de Galicia e dos centros do CSIC en Galicia.

Neste sentido e con carácter anual desde 2015, a Axencia Galega de Innovación, a consellería competente en materia de Ciencia e Innovación, as universidades do Sistema Universitario de Galicia e o CSIC están a asinar convenios para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador gañador nas convocatorias de axudas do ERC no marco dos Programas Horizon 2020 e Horizon Europe.

SEXTO.- O ERC concedeulle unha axuda a un investigador do Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIIT), instituto de investigación propio do CSIC, na modalidade Starting Grant (StG) nun proxecto liderado polo investigador principal Jorge de Torres Rodríguez.

O proxecto leva por título: "*Pathways to statehood: Authority, Legitimacy and Social Diversity in the Horn of Africa (11th-16th centuries)*". O período inicial de vixencia do proxecto polo que o ERC lle concedeu a axuda na modalidade StG era do 01/06/2020 ata o 31/05/2025. O investigador solicitou a prórroga COVID por un ano máis, polo que o proxecto finalizará o 31/05/2026. Esta prórroga outorgada polo ERC non ten financiamento.

SÉTIMO.- O Programa Oportunius ofrece aos gañadores ERC un paquete de axudas complementarias ao financiamento europeo, a través da opción a un contrato de persoal investigador distinguido e de recursos económicos para apoiar a súa actividade investigadora. Así, as axudas económicas do Programa Oportunius poden ser:

- Axudas PRO-ERC, isto é, recursos económicos complementarios ao financiamento do ERC achegados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Axencia Galega de Innovación durante a vixencia do proxecto.
- Axudas POST-ERC, que consisten nun apoio económico de continuidade tras o fin da vixencia do ERC ou da prórroga sen financiación. Estas axudas POST-ERC inclúen:
  - Axudas de reforzo a proxectos de excelencia, achegadas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Axencia Galega de Innovación durante 4 anos.
  - Retribución do Programa Oportunius achegada pola Axencia Galega de Innovación (para persoal investigador contratado polo SUG (Sistema Universitario de Galicia) ou polo CSIC e rexistrado no Rexistro Oportunius.

OITAVO.- A Axencia Galega de Innovación e o CSIC coinciden en destacar a necesidade de fomentar accións que incentiven a permanencia do denominado investigador principal (pola súa excelencia acreditada por participar no programa ERC) e, máis concretamente, estiman necesario o respaldo á creación ou consolidación do seu propio equipo ou programa de investigación.

O investigador do INCIPIIT do CSIC, Jorge de Torres, gañador dunha axuda Starting Grant do ERC, obtivo financiamento adicional durante 5 anos por parte da Axencia Galega de Innovación a través de dous convenios PRO-ERC:

1. Convenio suscrito o 23 de decembro de 2020 por un período de 4 anos.
2. Convenio asinado o 8 de outubro de 2024, por un ano.

Ao abeiro do presente convenio, a Axencia Galega de Innovación outorga unha axuda POST-ERC ao INCIPIT-CSIC para o proxecto liderado polo investigador principal Jorge de Torres Rodríguez. Esta axuda comeza o 01 de xuño de 2025 e outórgase durante un período de 4 anos.

NOVENO.- De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados a proxectos de investigación punteira e de reforzar a excelencia científica, así como a creación e consolidación dun equipo investigador no marco dos programas do ERC, están a potenciarse unhas carreiras profesionais independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación, superando o problema estrutural que supón o desperdicio do talento investigador e o atraso da aparición da próxima xeración de persoal director de investigacións independentes.

As universidades do Sistema Universitario de Galicia e os centros do CSIC en Galicia beneficiarios dun proxecto ERC son os únicos con subvencións viventes do ERC. Por iso non é necesario promover a concorrencia competitiva da subvención. Hai que ter en conta que é un dos programas da Unión Europea nos que tanto o proxecto como o currículo do investigador principal pasan un rigoroso proceso de avaliación, onde o único criterio é a excelencia.

DÉCIMO.- A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, aliñándose cos tres retos e coas tres prioridades. Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 4, integrándose polo tanto no programa Persoas e Talento da RIS3 e no programa Talento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes subscriben o presente convenio que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O obxecto deste convenio é instrumentar unha subvención da Axencia Galega de Innovación ao CSIC (INCIPIT) en orde a dotar dunha axuda ao investigador principal beneficiario do programa ERC StG 2020 co obxectivo de que poida reforzar o seu proxecto de excelencia, tanto durante a vixencia da prórroga sen financiamento concedida polo ERC, dun ano de duración, como unha vez que finalice a axuda do ERC.

### **SEGUNDA.- Condicións para a percepción da subvención**

A subvención irá destinada a financiar actividades do investigador principal que, sendo beneficiario dunha axuda StG manteña, como requisito imprescindible, a vinculación laboral co Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT) do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

Poderanse financiar custos directamente vinculados a proxectos do programa ERC. Concretamente, o CSIC poderá destinar o importe da axuda a calquera dos seguintes conceptos (sempre vinculados a actividades relacionadas co investigador principal):

- Custo da contratación do persoal investigador ou auxiliar para o equipo de investigación. Inclúese o custo do persoal dedicado especificamente ás funcións de xestión do grupo. En todo caso, a subscripción do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Axencia Galega de Innovación e as/os profesionais que desenvolvan as actividades subvencionadas, de tal maneira que non se poderá esixir responsabilidade algunha polos feitos ou actos acontecidos no desenvolvemento da actividade.
- Pequenos equipamentos, material funxible e custos de mantemento derivados de materiais, subministracións, instrumental e similares.
- Material bibliográfico e adhesión a sociedades científicas.

- Formación do persoal do equipo relacionado coa actividade do proxecto.
- Desprazamentos vinculados coa actividade do proxecto.
- Persoal investigador visitante.
- Organización de actividades de difusión, reunións científicas e/ou presencia nos medios de comunicación.
- Outros gastos directamente relacionados co proxecto: realización de análise de mostras, probas de laboratorio e outros estudos ou informes técnicos, ferramentas de xestión do coñecemento e da información, aplicacións informáticas, bases de datos, tradución de publicacións e textos a linguas estranxeiras, custos de APC, custos de publicacións Open Access etc.
- Subcontratacións. Asesoramento e apoio técnico en I+D+i, como consultoría técnica e de xestión, servizos técnicos, etc.
- Custos indirectos, entendidos como gastos xerais asignados ao proxecto, pero que pola súa natureza non poidan imputarse de forma directa. Os custos indirectos impútanse segundo unha porcentaxe fixa do vinte por cento (20%) sobre os gastos directos do proxecto.

Tendo en conta a natureza complexa das actividades do convenio e a dimensión e carácter estimativo do orzamento, aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 20% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarían as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

### **TERCEIRA.- Contía económica para o desenvolvemento do proxecto**

A Axencia Galega de Innovación contribuirá ao cumprimento dos obxectivos do presente convenio mediante unha subvención con cargo á aplicación orzamentaria 07.A2.561A.703.0 (código de proxecto 2016.00014) dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para os exercicios 2025, 2026, 2027, 2028 e 2029, por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €), que lle serán abonados ao CSIC.

As anualidades están recollidas na táboa que sigue:

Aplicación orzamentaria	Código de Proxecto	2025	2026	2027	2028	2029
07.A2.561A.703.0	2016.00014	29.166,66	50.000,00	50.000,00	50.000,00	20.833,34
<b>TOTAL</b>		<b>200.000,00</b>				

A axuda é compatible con outras concedidas para a mesma finalidade; pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Axencia Galega de Innovación poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal e como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro ).

#### **CUARTA.- Xustificación da subvención**

Conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención da Axencia Galega de Innovación estipulada neste convenio será abonada ao CSIC, previa xustificación dos gastos realizados e pagos pola totalidade do gasto, conforme ao sinalado a continuación:

	2025	2026	2027	2028	2029
Achega da Axencia Galega de Innovación	29.166,67 €	50.000,00€	50.000,00 €	50.000,00 €	20.833,33 €
Período realización gastos e pagos	01/06/2025 30/12/2025	01/01/2026 30/11/2026	01/12/2026 30/11/2027	01/12/2027 30/11/2028	01/12/2028 31/05/2029
Fecha límite presentación documentación xustificativa	31/03/2026	10/12/2026	10/12/2027	10/12/2028	10/06/2029

Por resolución motivada da Axencia Galega de Innovación, previa solicitude debidamente xustificada, efectuarase un anticipo do 100% da subvención concedida para a anualidade 2025, de acordo co artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Deste xeito, o pago da anualidade 2025 efectuarase só mediante o indicado anticipo.

A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, sen superar nunca o importe de dita anualidade. Se a xustificación que o CSIC presente da anualidade 2025 é inferior ao anticipo, minorarase en dito importe a anualidade 2026.

A suma dos pagamentos parciais, á conta e anticipados poderá superar o 80% da axuda concedida en base a autorización polo Consello da Xunta de Galicia, e non excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario conforme ao disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A realización dos pagamentos parciais anticipados e á conta está exenta da constitución de garantías de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a presentación da seguinte documentación de acordo co disposto no artigo 48 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Unha certificación dos gastos acompañada de:

- Unha relación clasificada dos gastos e inversións das actividades obxecto do convenio, coa identificación dos conceptos subvencionables, dos provedores e das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, os importes, datas de emisión e de pago.

- Certificación dos gastos de persoal imputados no convenio expedido pola persoa responsable de recursos humanos, que consistirá nunha relación detallada por mes do persoal dedicado á execución das actividades do convenio, especificando que ditas persoas están a traballar dentro do programa e que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto de traballo, custo salarial bruto mensual imputado ao convenio, data de pago e, se é o caso, importe da Seguridade Social a cargo do centro de investigación e a data de pago. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe poderá xustificarse no exercicio seguinte. Tamén hai que engadir unha copia dos contratos de traballo.
  - Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable, no caso de adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministracións e materiais, supere os importes establecidos para o contrato menor no conxunto do proxecto co mesmo provedor. Cando, polas especiais características dos gastos, non exista un número suficiente de entidades que os presten ou subministren, deberá presentarse xustificación de tal circunstancia. Se a elección entre as ofertas presentadas non recaeu na proposta económica máis vantaxosa, deberá entregarse unha memoria xustificativa. Con todo, no caso de que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para ter a consideración de poder adxudicador, deberán someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no citado texto legal.
  - Carta de pago de reintegro no caso de remanentes non aplicados, así como os intereses derivados dos mesmos, de acordo co establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro .
- b) Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos, asinada pola persoa investigadora.
- c) Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De

ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución de concesión destoutras axudas.

d) Certificados acreditativos de estar ao corrente nos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios ou coa Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de acordo con o establecido no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **QUINTA.- Comisión de seguimento**

Para garantir o cumprimento do estipulado, crearase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, que se reunirá a pedimento dunha das partes. Esta comisión estará constituída da seguinte forma:

- Pola Axencia Galega de Innovación, dous representantes, un deles actuará como presidente/a e outro/a como secretario/a, designados para tal efecto pola Axencia Galega de Innovación.
- Polo CSIC, a persoa titular da Delegación Institucional do CSIC en Galicia, ou persoa en quen delegue, e a persoa titular da Dirección do INCIPIT, ou persoa en quen delegue.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo propostas de solucións aos posibles conflitos. Con todo, a Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propias dos negocios xurídicos administrativos de acordo coa Lei de contratos do sector público. En todo caso, aquelas cuestións que se presenten en relación coa concesión, cumprimento, xustificación e pago, así como co reintegro e determinación das posibles responsabilidades relacionadas coa subvención concedida, serán resoltas pola Axencia Galega de Innovación. A Comisión reunirse cantas veces sexa solicitada por algún dos seus membros.

Esta Comisión rexerese en canto á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **SEXTA.- Compromisos que debe de cumprir o CSIC**

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como naquelas outras específicas sinaladas neste convenio, o CSIC, ao abeiro deste convenio, está obrigado a:

- A) Presentar antes da firma do convenio:
- Declaración que acredite estar ao día nos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
  - Declaración responsable de non estar incurso nalgunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- B) Facilitar toda a información requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control do destino das axudas concedidas e posibilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- C) Comunicarlle á Axencia Galega de Innovación a concesión de calquera outra subvención concedida para a mesma finalidade tan pronto como teña coñecemento.
- D) No caso de cesión de datos, cumprir coas esixencias da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, adoptando tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

- E) Dar publicidade ao carácter público do financiamento e da actividade obxecto do convenio, facendo referencia expresa nas publicacións de todo tipo, relatorios, actividades de difusión de resultados e calquera outra actuación relacionada coa actividade de I+D+i na que estea implicado o investigador principal.
- F) Mencionar no currículo vitae a participación no Programa Oportunius.
- G) Colaborar nas actividades de difusión e formación do Programa Oportunius (talleres, xornadas etc.).
- H) Facilitar á Axencia Galega de Innovación cantos datos resulten necesarios para a avaliación da RIS3 Galicia ou doutros instrumentos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros, as enquisas do INE relacionadas. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **SÉTIMA.- Publicidade**

As entidades beneficiarias do presente convenio consenten expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes do mesmo e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación, da Secretaría Xeral de Universidades e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2. d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo xeito, de acordo con o establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as entidades beneficiarias consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos no devandito rexistro.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### **OITAVA- Protección de datos persoais**

Os datos persoais solicitados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia (Axencia Galega de Innovación) coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta Ciudadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

### **NOVENA.- Control**

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención. En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro

exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

#### **DÉCIMA.- Alteración das actuacións**

Tendo en conta a natureza complexa das actividades do convenio e a dimensión e carácter estimativo do orzamento, aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 20% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarían as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

A pedimento do CSIC e previo informe favorable da Comisión de Seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións superiores ao vinte por cento (20%) entre os importes asignados a cada un dos conceptos subvencionables recollidos no orzamento do convenio (ANEXO), a condición de que estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.

Toda alteración nas accións para realizar, excepto as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización por parte da Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, conforme ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

### **UNDÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral**

A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, a Axencia Galega de Innovación e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, de maneira que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

### **DUODÉCIMA.- Resolución**

Serán causas de resolución anticipada do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos intereses de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento do deber da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O mutuo acordo das partes.

En caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo cos deberes ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento regulada na cláusula quinta. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza e resolución de conflitos**

De conformidade co artigo 48, apartado 7, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), o presente convenio, dado o seu carácter instrumental de subvención, rexeráse polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normas de dereito administrativo. Supletoriamente, rexeráse polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco de Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2022/C 414/01), non se aplicará o disposto no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas previstas neste convenio, xa que se outorgan a organismos de investigación para actividades non económicas.

En aplicación do anterior, as axudas contempladas neste convenio non terán a consideración de axudas de Estado.

De acordo co disposto no parágrafo 21 do artigo 2.1.1 do Marco Comunitario, cando o organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación se utilice case exclusivamente para unha actividade non económica, poderán quedar excluídos na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sempre que o seu uso económico sexa puramente accesorio, é dicir, corresponda a unha actividade que estea relacionada directamente co seu funcionamento ou sexa necesaria para o funcionamento do organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación ou estea estritamente vinculado ao seu principal uso non económico e teña un alcance limitado.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados no exercicio das devanditas potestades, así como as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e execución deste convenio que non se liquiden a través da Comisión de Seguimento regulada na cláusula quinta, serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional Contenciosa Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**DÉCIMO CUARTA. -Vixencia.**

O presente convenio entrará en vigor coa firma dixital da última persoa asinante, sen prexuízo de que se poidan atender accións realizadas desde o 1 de xuño de 2025 e terá vixencia ata o 30 de setembro de 2029. A data límite para atender as actuacións subvencionables é o 31 de maio de 2029.

**DÉCIMO QUINTA.- Extinción do convenio.**

Non obstante o establecido no apartado anterior, o presente convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, previa audiencia e con, polo menos, un mes de antelación.

Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. En calquera destes supostos, procederase á revogación das axudas, así como á devolución total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia de intereses de demora nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lido por todas as partes e en proba de conformidade, asinan electronicamente o presente convenio nos lugares indicados na cabeceira do presente documento, constando como data de subscripción a da última firma realizada.

Pola Axencia Galega de Innovación

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional

Pola Agencia Estatal Consejo Superior  
de Investigaciones Científicas, M.P.

Carlos Closa Montero  
Vicepresidente de Organización y  
Relaciones Institucionales

**ANEXO**
**Investigador Principal Jorge de Torres**

	Axuda POST-ERC				
	Orzamento previsto 2025	Orzamento previsto 2026	Orzamento previsto 2027	Orzamento previsto 2028	Orzamento previsto 2029
1. Custos de persoal	0,00 €	16.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
3. Subcontratacións	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
4. Servizos tecnolóxicos externos	11.805,55 €	3.666,67 €	5.666,66 €	5.666,66 €	0,00 €
5. Custos de formación e matrícula	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6. Custos de estadias, viaxes e dietas	12.500,00 €	22.000,00 €	33.000,00 €	33.000,00 €	17.361,12€
7. Material funxible	0,00 €	0,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	0,00 €
<b>Total custos directos</b>	24.305,55 €	41.666,67 €	41.666,66 €	41.666,66 €	17.361,12€
Custos indirectos	4.861,11 €	8.333,33 €	8.333,34 €	8.333,34 €	3.472,22 €
<b>Total</b>	29.166,66 €	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	20.833,34 €
<b>Total</b>	<b>200.000,00 €</b>				